

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA A SINALIZACIÓN DAS PROHIBICIÓNS ESTABLECIDAS NA LEI 6/2025, DO 23 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADICTIVAS

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, en relación co *proxecto de Orde pola que se regula a sinalización das prohibicións establecidas na Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas*, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece a competencia da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior. No seu artigo 33.1 establece as competencias para facer efectivo o dereito constitucional á protección da saúde.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 34 como intervencións públicas que poderán ser exercidas polas autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias para a saúde, a de *“establecer prohibicións e requisitos mínimos para o uso e tráfico de bens e produtos cando supoñan un prexuízo ou ameaza para a saúde”*.

A Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, enmárcase no contexto das políticas de saúde pública que as administracións públicas deben promover e completar con programas de prevención e control.

A citada Lei 6/2025, do 23 de decembro, no seu Título II, dedicado ao Control da Oferta, establece limitacións aplicables ás bebidas alcohólicas e enerxéticas, produtos do tabaco e/ou produtos relacionados co tabaco; cannabis, produtos, compoñentes ou derivados deste, e videoxogos, así como limitacións ao acceso de persoas menores de



idade a centros de produción de bebidas alcohólicas e o acceso de persoas menores de 16 anos a establecementos de lecer e entretemento e a espazos destinados a espectáculos musicais. Nos seus artigos 26.1 31.3, 37.7 e 38.2 establece que se informará das ditas limitación mediante anuncios ou carteis de carácter permanente fixados de xeito visible, en galego e castelán e que as características das ditas sinalizacións cumprirán os requisitos e condicións que estableza a consellería competente en materia de saúde pública.

2. Necesidade e oportunidade

Este proxecto de orde elaborouse tendo en conta os principios que conforman as boas prácticas na regulación, a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Cúmprense os principios de necesidade e eficacia, xa que esta orde é o instrumento adecuado para dar cumprimento ao disposto nos artigos 26.1, 31.3, 37.7 e 38.2 da citada Lei 6/2025, do 23 de decembro, pois é necesario regular a sinalización das limitacións relacionadas con venda e subministro de bebidas alcohólicas e enerxéticas, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco e videoxogos, así como co acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas e o acceso de persoas menores de 16 anos a establecementos de lecer e entretemento e a espazos destinados a espectáculos musicais.

A orde cumpre cos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, ao conter só o necesario, ser coherente co marco legal e facer pública a súa tramitación.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, a norma non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

3. Tramitación

No que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións que conteñen os artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro (LOFAXGA).





Constan evacuados os seguintes trámites:

- O acordo de inicio de elaboración do anteproxecto do 24.04.2026, asinado polo conselleiro de Sanidade (artigo 41.1 LOFAXGA).
- Incorporouse ao expediente unha memoria xustificativa da non necesidade de realización do trámite de consulta pública previa esixido polos artigos 41.2 LOFAXGA e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), e de non necesidade de audiencia e información pública (consonte co sinalado no artigo 42.6 in fine da LOFAXGA), asinada pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade o 27.04.2026.

Non entanto, o dito proxecto figura aínda a día de hoxe publicitado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia (apartado de normativa "pendente de aprobación"), en cumprimento do disposto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública, en tanto que centro directivo impulsor, remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa relativa á legalidade, acerto e oportunidade do anteproxecto (artigo 41.3.a) LOFAXGA), do 23.04.2026.
- Unha memoria económico-financeira da mesma data (artigo 41.3.b) LOFAXGA).
- Unha táboa de vixencias da mesma data, relativa á normativa aplicable e afectada pola orde (artigo 41.3.d) LOFAXGA).

- Unha vez recibida a dita documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade, elaborou o informe preceptivo o 30.04.2026 (artigo 41.3.c) LOFAXGA).

- A persoa titular da Consellería de Sanidade aprobou inicialmente o anteproxecto como proxecto o 05.05.2026 (Artigo 41.4 da LOFAXGA)

Asemade, da tramitación do proxecto e ao abeiro do que exige o artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como a pertinente normativa sectorial de aplicación, derivan os seguintes informes:





- a) O informe de impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, do 15.05.2026.
- b) O informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, do 19.05.2026.
- c) O informe favorable da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do 15.05.2026.

É necesario indicar que constan tamén incorporados ao expediente os certificados emitidos pola Comisión Galega de Publicacións da Consellería de Cultura, lingua e Xuventude, o día 19.05.2026 con relación a cada un dos carteis que regula o proxecto de Orde.

O presente proxecto de Orde debe someterse a ditame do Consello Consultivo de Galicia, previo a súa aprobación, de conformidade co artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, o artigo 15 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 43 da LOFAXGA.

4. Contido e estrutura do proxecto de orde

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, 4 artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria, unha disposición derradeira e 4 anexos.

O contido da norma é o seguinte:

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Características xerais da sinalización

Artigo 4. Modelos de sinalización

Anexo I. Sinalización relativa ás bebidas alcohólicas





Anexo II. Sinalización relativa aos produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco

Anexo III. Sinalización relativa ás bebidas enerxéticas

Anexo IV. Sinalización relativa aos videoxogos

5. Legalidade

Nas memorias e informes que se uniron ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación desta iniciativa regulamentaria aos principios de necesidade, proporcionalidade, simplicidade e eficacia que recolle o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; así mesmo, os principios de seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade mencionados no devandito precepto respectáronse en todo momento durante a tramitación do proxecto, que se axustou ao que preceptúan os artigos 40 e seguintes da LOFAXGA.

Previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade, segundo o preceptuado polo artigo 43 da LOFAXGA.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo
María Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da LOFAXGA).

A secretaria xeral técnica
Natalia Lobato Mosquera

